



#### Árbore Monumental

A figura resultante da poda que antigamente se lle practicaba ao velusto Xenebreiro Chorón é a causa da súa denominación local : Chapeu de copa.



## XENEBREIRO CHORÓN " Sombreiro de Copa "

Juniperus recurva

*SABÍAS QUE...? En Europa as ramas de xenebreiro prendíanse e levaban a campos e granxas co fin de que desprendesen as súas enerxías protectoras para a conservación dos seus bens (animais-grans). Tamén algúns indios americanos utilizaron o xenebreiro. En tempos de pragas e peste queimábanse ramas en gran cantidade en lugares públicos.*

Pertencente á familia das Cupresáceas. É orixinaria do Himalaia, dende o norte de Paquistán cara ao leste alcanzando o oeste de Yunnan no suroeste de China.

Nome común: Enebro llorón (cast.); Xenebreiro chorón (gal.); Himalayan juniper, Drooping juniper (ing.).

Etimoloxía:

- Juniperus: nome xenérico que procede do latín iuniperus, que é o nome do xenebreiro
- recurva: epíteto latino que significa "curvada cara atrás"

É un gran arbusto ou árbore que non pasa os 15 m de alto, cun tronco de até 2 m de diámetro e de coroa amplamente cónica ou redondeada, ou irregular. De cortiza marrón grisácea ou avermellada que se desprende en tiras lonxitudinais. As follas son aciculares (en forma de agulla), dispostas en seis filas en verticilos de 3 follas, a modo de estrela de tres puntas, como as aspas dun ventilador. Os estróbilos son parecidos a bagas, de globosos a ovoides, dun brillante negro azulado, e contén unha semente; maduran en ao redor de 18 meses. Os conos masculinos verten o seu pole a principios da primavera. É en gran medida monoico con pole e conos de sementes producidos nas mesmas plantas. Toda a planta contén aceites esenciais e é aromática.

